



Entidade : DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

NIF : P3600000H

Asunto : RENDICIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2024

O artigo 223 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, impón ás entidades locais a obriga de rende-las súas contas, e as de tódolos organismos e sociedades delas dependentes, antes do 15 de outubro de cada ano seguinte ao exercicio a que aquelas se refiren.

Examinada a Conta Xeral remitida a este Consello pola entidade referenciada correspondente ao exercicio 2024, feitas as comprobacións oportunas para verificar que a mesma cumpre con todos os requisitos relacionados na Instrución do Consello de Contas aprobada mediante Acordo de 6 de marzo do 2020 adoptado polo seu Pleno, que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas, e analizada a coherencia interna da información nela contida, comunícolle que se apreciaron as incidencias que se recollen no anexo que acompaña o presente escrito.

- Nin a entidade principal nin as dependentes achegan a memoria xustificativa do grao de cumprimento dos obxectivos programados con indicación dos previstos e acadados, co seu custo, prevista no artigo 211 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais.

- As tres entidades non cubren os apartados da Memoria.

- A aparición con signo negativo do no estado de fluxos de efectivo constitúe unha incidencia relevante que afecta á fiabilidade do resultado económico patrimonial e á calidade do control contable interno.

- Na tesourería do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento non se corresponde o saldo contable coas certificacións bancarias e as existencias na tesourería.

- Non se chega o informe de auditoría do Consorcio Servicios contra incendios e salvamento das Comarcas do Deza, Tabeirós e Terra de Montes.

- A Memoria da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2024 non inclúe información no apartado 24 da memoria, achegándose nun arquivo Excel adicional. A non integración na memoria deste contido supón un incumprimento do establecido na Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local. Prégase a incorporación na Memoria na próxima conta xeral.

Como resultado, a conta xeral ten a consideración de conta rendida con incidencias que afectan ao seu contido e á documentación complementaria que a debe acompañar, con data 28/08/2025.

Polo que ao abeiro do previsto no artigo 42 do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, (DOG nº 46, do 7 de marzo de 2017), concédesele un prazo de quince días hábiles para que proceda, no seu caso, á emenda das incidencias sinaladas. Esta emenda deberá realizarse de acordo co procedemento telemático previsto na devandita Instrución do Consello de Contas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

Simón Rego Vilar

Conselleiro da Área de Corporacións Locais.

